



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. As retribucións básicas segundo o artigo 42 da lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, compóñense de:

- A) Soldo e trienios.
- B) Soldo, trienios e complemento de destino.
- C) Soldo, trienios e complemento específico.
- D) Soldo, trienios e pagas extraordinarias.

2. Segundo o artigo 69 da Lei de Saúde de Galicia, cantos distritos sanitarios se configuran no Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) 7
- B) 11
- C) 14
- D) 9

3. O control sanitario de cemiterios e policía sanitaria mortuoria, segundo o artigo 42 da Lei 14/1986 do 25 de abril, Xeral de Sanidade, e sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas corresponde:

- A) Ao Sistema Público de Saúde de cada Comunidade Autónoma.
- B) Aos concellos.
- C) Ao Ministerio de Sanidade.
- D) Ao Consello de Saúde de Área.

4. Segundo o artigo 11 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento:

- A) É o órgano colexiado de goberno de Galicia.
- B) Será elixido por un prazo de catro anos, de acordo cun sistema de representación maioritaria.
- C) Está constituído por Deputados elixidos por sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- D) Os deputados estarán suxeitos a mandato imperativo.

5. Tendo en conta o establecido no Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, NON poderá formar parte dos tribunais de selección:

- A) Persoal estatutario fixo.
- B) Persoal funcionario de carreira.
- C) Persoal laboral fixo dos centros vinculados ao Sistema nacional de Saúde.
- D) Persoal estatutario eventual.

6. A función de análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas corresponde:

- A) Ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) Ao servizo de prevención.
- C) Á Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) Á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

7. A retribución complementaria que se aboa en función ao nivel do posto que se desempeña denomínase:

- A) Complemento específico.
- B) Complemento de carreira.
- C) Complemento de destino.
- D) Complemento persoal transitorio.

8. Segundo o establecido no artigo 5 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes en relación co documento de instrucións previas:

- A) A declaración de instrucións previas deberá formalizarse ante notario ou ante dúas testemuñas.
- B) No caso de formalizarse ante notario será necesario a presenza dunha testemuña.
- C) As instrucións previas poderán revogarse libremente en calquera momento deixando constancia por escrito.
- D) Crearase un Rexistro Nacional de Instrucións Previas.

9. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os procesos de selección, mobilidade e promoción interna que se convoquen abarcarán como mínimo, con carácter xeral, o ámbito de cobertura territorial de:

- A) A Comunidade Autónoma.
- B) Unha área sanitaria.
- C) Un distrito sanitario.
- D) Unha provincia.

10. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo denomínase:

- A) Enfermidade profesional.
- B) Condición de traballo.
- C) Dano derivado do traballo.
- D) Risco laboral.

1. Con respecto á historia clínica, a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes establece que:

- A) O soporte documental da historia clínica debe garantir a súa autenticidade, integridade, seguridade e conservación.
- B) Deberá ser única por paciente, polo menos en cada servizo de Saúde.
- C) Poderá conter símbolos e abreviaturas.
- D) O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica aínda que non a obter copia dos datos que figuran na mesma.

2. Segundo o Decreto de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde a convocatoria do proceso selectivo deberá conter a seguinte información. Sinale a INCORRECTA:

- A) Número e características das prazas convocadas.
- B) Condicións e requisitos que deben reunir os aspirantes.
- C) Contido das probas de selección, baremos e programas aplicables ás mesmas, así como o sistema de cualificación.
- D) Nomeamento do tribunal de selección que avaliará o proceso selectivo.

